

SEGUNDO CICLO

Afianza-lo coñecemento dos segmentos corporais, e tamén recoñece-la existencia dun espacio anterior e outro posterior en relación consigo mesmo.

Coñecer e diferencia-las accións de lanzar, recibir e interceptar.

Coñece-las diferentes formas de saltar, xirar e as direccións e sentidos destas accións.

Utiliza-lo corpo como medio para dar respostas espontáneas e creativas, que pretendan unha sinxela pero consciente comunicación xestual, imitativa...

Practica-las distintas normas, rutinas e actividades do coidado do propio corpo.

Desenvolve-lo valor lúdico do xogo e o seu aproveitamento no desenvolvemento das destrezas e habilidades do ciclo.

Participar con agrado en calquer actividade física independentemente da súa capacidade.

Coñece-las características do equilibrio corporal estático e da postura correcta.

Tomar conciencia do mecanismo de respiración e das partes do corpo que interveñen para realizar esta función.

Diferencia-los estados de contracción para lograr unha maior relaxación.